

Día Internacional das Persoas Refuxiadas

FRENTE O REXEITAMENTO, HOSPITALIDADE

Falar de migración é falar da nosa propia historia e do noso presente. O pasado, o presente e o futuro das nosas vidas só se poden entender se consideramos a mobilidade das persoas como un eixo fundamental da humanidade.

Os últimos datos din que o 3,6% (280,6 millóns) da poboación mundial reside nun país diferente ao de nacemento; entre os que 79,5 millóns (o 1% da poboación mundial) son persoas que se viron obrigadas a abandonar o seu país; a maioría (73%) aos países veciños ao de orixe. Na nosa contorna vimos recentemente numerosas chegadas a Canarias e Ceuta que nos amosaron a desesperación das persoas que arriscan a súa vida, ás veces perdéndoa, para aspirar a unha vida mellor.

Esta realidade prodúcese mentres aumentan as políticas de externalización de fronteiras e se espallan correntes de opinión que promoven discursos de odio, medo e criminalización da migración e das persoas defensoras dos dereitos das persoas migrantes.

Recoñecemos a **Hospitalidade** como a convivencia dentro dunha sociedade común entre persoas iguais en dereitos e respetuosas das súas diferenzas.

No contexto actual a pandemia global do Covid 19 pode agravar a situación de vulnerabilidade da poboación migrante e refuxiada. Por iso expresamos 10 demandas aos representantes políticos europeos:

- 1 **PROTEXER** á poboación hacinada nos campamentos e centros de detención da ameaza da enfermidade de COVID-19.
- 2 **DEFENDER** na UE que o novo marco regulatorio que conforma o chamado Pacto Europeo de Migración e Asilo se base nunha auténtica solidariedade entre os países europeos e no compromiso cos Dereitos Humanos e cos valores da Unión.
- 3 **GARANTIR** eficazmente o dereito para solicitar asilo na Unión Europea e o cumprimento dos dereitos humanos en todo o proceso, tendo en conta dunha maneira especial ás persoas que poidan estar en condicións de maior vulnerabilidade.
- 4 **POÑER FIN** a prácticas migratorias represivas como a detención, o internamento e as devolucións sumarias de persoas migrantes, tanto en territorio como en fronteiras terrestres e marítimas.
- 5 **AMPLIAR** os sistemas de acollida a persoas que chegan, así como os sistemas de acollida a solicitantes de protección internacional,

garantindo prazas suficientes e unhas condicións mínimas de dignidade.

- 6 **FLEXIBILIZAR** os requisitos e procedementos para a renovación e obtención de permisos de residencia e/ou traballo para combater a irregularidade sobrevinda e fomentar a inclusión social e a igualdade de oportunidades, especialmente en contexto post COVID-19.
- 7 **ESTABLECER** vías seguras e legais de acceso e estancia, e **IMPULSAR** procesos de reasentamento, visados humanitarios e reagrupamento familiar.
- 8 **PROMOVER** a integración como un proceso bidireccional que reconece e valora as riquezas das diversas culturas, contribuindo a conformar unha auténtica cidadanía global coñecedora das causas das migracións forzosas e do refuxio e comprometida coa solidariedade, cos Dereitos Humanos e coa construción dunha cultura da hospitalidade.
- 9 **SALVAR VIDAS** das persoas que cruzan fronteiras e **DEFENDER** ás organizacións humanitarias e persoas defensoras que loitan polos seus dereitos.
- 10 **REFORZAR** a Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, destinando o 0,7% da Renda Nacional Bruta á Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), o 10% da AOD da Axuda Humanitaria e o 6% desta á educación nestes contextos, de forma que se garanta o dereito a unha educación de calidade dos nenos, nenas e adolescentes refuxiados e migrantes en todos os países e circunstancias.